

# ACORDO para aplicar a segunda actividade do SPDCIF.

---

Primeira.- Obxecto.

As instrucións terán por obxecto regular o pase á segunda actividade do persoal das categorías do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais que se sinalan no ámbito subxectivo do presente acordo.

Segunda.- Ámbito subxectivo.

- a) Traballadores fixos que teñan asignado un posto de traballo reservado a algunha das seguintes categorías:
  - V.14. Bombeiro/a forestal.
  - V.14.a. Bombeiro/a forestal conductor.
  - III.100. Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada.
  - IV.33. Bombeiro/a forestal conductor/a de motobomba.
  - IV.41. Bombeiro/a forestal oficial de defensa contra incendios forestais.
- b) Ter cumpridos 60 anos ou cumprilos dentro do ano natural de solicitude.
- c) Non se acolleran á xubilación parcial.
- d) No caso de ter máis de 65 anos, compromiso de que accederá á xubilación á idade legalmente establecida, ou, de ser maior de 65 anos, compromiso de xubilarse no prazo dun ano despois de concedida a segunda actividade. (ou como máximo aos 67 anos dependendo do periodo transitorio da norma).

Terceira.- A segunda actividade.

A segunda actividade consistirá na adscrición a un posto vacante dos que a Consellería de Medio Rural destine para tal fin. No caso de non ofertarse ningún posto no distrito de adscrición do solicitante, de non se lle adxudicar por non haber suficientes postos para todos os solicitantes, consistirá na realización de tarefas preventivas ou de apoio loxístico ao SPDCIF, de acordo co catálogo de funcións anexo. En ningún dos dous casos a adscrición comportará unha vinculación directa aos labores de extinción de incendios.

Os fixos discontinuos poderán ser adscritos a funcións preventivas so polo tempo máximo anual de duración do seu destino definitivo de orixe.

Para os efectos da adscrición a tarefas preventivas ou de apoio loxístico, as funcións ás que se poderá adscribir serán as propias de cada categoría e, ademais, as que se sinalan con carácter xenérico no anexo deste acordo.

Para os efectos da adscrición a postos de traballo en segunda actividade, a consellería, despois de de xuntanza da comisión de seguimento deste acordo, anunciará na última quincena de cada ano os postos de traballo vacantes destinados aos solicitantes de segunda actividade.

#### Cuarta.- Xornada.

A persoa adscrita a un posto concreto dos ofertados para a segunda actividade realizará a xornada que o posto adxudicado teña recollida na relación de postos de traballo.

No caso de adscrición a funcións de tarefas preventivas ou de apoio loxístico ao SPDCIF, a xornada poderá ser en quenda fixa de mañá ou en quendas de mañá e tarde.

#### Quinta.- Inicio e prazo de solicitudes.

O procedemento para a concesión da segunda actividade iniciárase mediante solicitude da persoa interesada, dirixida á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural no modelo que se anexa.

O prazo de solicitude de segunda actividade abranguerá o mes de xaneiro de cada ano natural.

#### Sexta.- Tramitación.

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, logo de comprobar que a persoa interesada reúne os requisitos para acceder á segunda actividade, remitirá, de ser o caso, á Dirección Xeral da Función Pública antes do 1 de maio de cada ano as propostas de concesión da segunda actividade a prol dos solicitantes ou, se é o caso, a proposta de non concesión da segunda actividade por carecer de dereito.

Para a adscrición a funcións de segunda actividade ou a posto vacante, terán preferencia os que teñan destino definitivo no mesmo ámbito, seguidamente os que teñan destino provisional e por último os solicitantes que teñan o destino definitivo noutro ámbito. No caso de empate dentro dos integrantes de cada un dos tres grupos sinalados anteriormente, terá preferencia na localidade o que

teña mais antigüidade e se persiste o empate resolverase a prol do que teña maior idade.

A proposta da consellería deberá conter o seguinte:

- a) Nome e apelidos
- b) D.N.I.
- c) Categoría Profesional.
- d) Identificación do posto de traballo dende o que solicita a segunda actividade.
- e) Proposta de adxudicación de funcións do catálogo ou do posto vacante, de acordo coa solicitude do interesado.
- f) No caso de adxudicación de funcións de segunda actividade, distrito de destino.

Oitava.- Resolución.

A Dirección Xeral de Función Pública resolverá a adscrición a funcións de segunda actividade ou en segunda actividade a posto de traballo na primeira quincena do mes de xuño para todas as solicitudes que lle sexan remitidas en tempo e forma pola Consellería do Medio Rural.

Novena.- Efectos administrativos do pase á segunda actividade.

Os efectos do pase a segunda actividade serán a partir do 1 de xullo do ano da solicitude e terá carácter definitivo, cos mesmos efectos que os derivados da resolución dun concurso de traslados, de forma que o posto de procedencia pasará a ter a consideración de vacante.

En ningún caso o pase a segunda actividade comportará modificación da relación laboral nin do período de actividade do posto que tiñan asignado con anterioridade ao pase a segunda actividade.

Créase a figura de adscrición en segunda actividade cos efectos sinalados neste acordo sindical. A adscrición en segunda actividade realizarase co carácter de definitivo e sen que se altere a condición laboral que a persoa adscrita mantiña con anterioridade.

O posto deixado vacante polo empregado que pasa a segunda actividade será obxecto de cobertura regulamentaria.

Décima.- Efectos económicos.

No caso de adscrición a funcións de segunda actividade, o traballador terá dereito a percibir as mesmas retribucións asignadas ao posto de traballo que

tivera con carácter definitivo antes do pase á nova situación, sen que en ningún caso teña tal consideración a produtividade, nocturnidade ou calquera outro concepto retributivo ligado a efectiva prestación dos servizos efectivos que dan dereito á súa percepción.

No caso de adscrición a un posto de traballo concreto en segunda actividade, o traballador percibirá as retribucións asignadas ao posto de adscrición e, se é o caso, a un complemento persoal que lle garanta durante o resto de vida laboral a percepción das mesmas retribucións asignadas ao posto do que era titular antes do pase á nova situación, sen que tampouco se teña en consideración a produtividade, nocturnidade ou calquera outro concepto retributivo ligado a efectiva prestación dos servizos efectivos que dan dereito á súa percepción.

Undécima.- Comisión de seguimento.

Constitúese unha comisión de seguimento e interpretación e control do presente acordo que estará composta por un membro por cada unha das organizacións sindicais asinantes e un número igual de membros por parte da administración. Presidirá a persoa titular da dirección xeral da Función Pública ou persoa na que este delegue e actuará como secretario/a a Secretaria xeral da consellería do medio rural ou persoa na que delegue.

Disposición transitoria primeira.- Segunda actividade no ano 2017.

No ano 2017 abrírase o prazo de presentación de solicitudes o día \_\_\_\_ do mes de xuño, resolvéndose as propostas da Consellería do Medio Rural de pase a segunda actividade pola dirección xeral da Función Pública na última semana do mesmo mes, sempre que se teñan enviando en tempo e forma as devanditas propostas. Para tal efecto xúntase anexo cos postos de traballo da Consellería do Medio Rural vacantes destinados aos solicitantes de segunda actividade.

## ANEXO I

### CATÁLOGO DE FUNCIONES EN SEGUNDA ACTIVIDADE

Labores preventivas como:

Mantemento de infraestruturas do SPDCIF (puntos de auga, casetas de vixilancia, pistas forestais, bases aéreas,...)

Xestión da biomasa forestal e silvicultura (manual e mecanizada)

Vixilancia contra incendios forestais

Avituallamento de persoal en incendios forestais

Asistencia a xestión de almacéns de subministros do SPDCF (EPIs, equipos de comunicacións, ferramentas, maquinaria, etc.)

Asistencia en labores administrativas do SPDCIF

Asistencia a labores de coordinación de incendios forestais (centros de coordinación, unidade técnica de apoio, asistencia ao DTE...)

Tarefas divulgativas contra os incendios forestais (escolas, comunidades rurais, poboación en xeral,...)

Xestión de viveiros forestais

Asistencia a xestión forestal (sinalamentos de madeira, deslindes, amolloamento de montes,...)